

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, ao través de Xabier Ron Fernández e Ramón Vázquez Díaz, e da súa voceira Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PROPOSICIÓN NON DE LEI PARA O SEU DEBATE EN COMISIÓN**, relativa ao incremento nos Orzamentos do 2016 da partida destinada ás axudas para a tradución do galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Informe publicado polo Observatorio do Consello da Cultura Galega con data do 14 de xullo de 2015 sobre *o libro e a edición en Galicia* achéganse datos preocupantes no tocante á tradución do galego, tanto como lingua de partida cara a outras linguas, como lingua de destino.

Dito Informe sinala unha tendencia á baixa de libros traducidos desde o galego cara a outras linguas, de tal maneira que se no ano 2007 o galego contara con 198 libros traducidos –o tope na serie de sete anos analizada- neste 2014 voltamos a baixar por debaixo dos 100, en concreto 93, chegando case ao tope inferior da serie marcado polo ano 2012, onde só se traduciran 89 libros. De feito, podemos dicir que nestes últimos tres anos (2012-2014) só se traduciron **286 libros**, cando antes, en só dous anos, 2010

e 2011, se traduciran **308 libros**. A serie iniciada nesta lexislatura é perigosa e pon en risco o coñecemento das achegas da nosa lingua cara a outros sistemas lingüísticos.

Se consideramos a lingua galega como lingua de destino do que se produce noutras linguas temos que destacar, de novo, a calamitosa cifra do último ano considerado na serie, o ano 2013, onde só se traduciron **188 libros**, mentres que no ano 2008, inicio da serie estatística do Informe, eran **472**. Se consideramos os anos 2012 e 2013, temos que só se traduciron **422 libros**, menos ca nun único ano, por exemplo, o 2011 en que se traduciron **560 libros**. Trátase dunha cifra, a do 2013, alarmante, xa que a carencia de traducións pon en risco o coñecemento de avances epistémicos e de tendencias de innovación en materia de investigación.

Por todo o indicado, o Grupo Parlamentar da Alternativa Galega da Esquerda achega a seguinte proposición non de lei:

- **O Parlamento Galego insta á Xunta a incrementar de forma substancial nos Orzamentos do 2016 a partida destinada ás axudas á tradución da lingua galega en todos os seus apartados e tanto na súa consideración como lingua de partida como na de lingua de destino *para recuperar de forma significativa os indicadores de libros traducidos.***

Compostela, 15 de xullo de 2015.

Asdo. Xabier Ron Fernández

Asdo. Ramón Vázquez Díaz

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/07/2015 10:48:00



Ramón Vázquez Díaz na data 15/07/2015 10:48:08

Yolanda Díaz Pérez na data 15/07/2015 10:48:15